



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APERTURA TRÁMITE DE AUDIENCIA

Faise pública a seguinte Resolución da Alcaldía, do 10 de marzo do 2025, pola que se procede á apertura do trámite de audiencia en relación ao recurso de alzada interposto no transcurso do procedemento de selección de persoal número 19/2023-SPL-EST 2023/E001/000009:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE ORDENA A APERTURA DO TRÁMITE DE AUDIENCIA NO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DO 17 DE XANEIRO DO 2025 DO TRIBUNAL ENCARGADO DA VALORACIÓN DO CONCURSO CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE ASESOR/A XURÍDICA/O INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, EXPTE. 19/2023-SPL-EST, 2023/E001/000009.

Visto que con data 23 de xaneiro do 2025 interpúxose recurso de alzada contra o acordo do 17 de xaneiro do 2025 do Tribunal encargado da valoración do concurso convocado para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de asesor/a xurídico/a incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal, polo cal se resolven as alegacións presentadas ao acordo do 10 de decembro do 2024, de outorgamento das puntuacións finais ás persoas aspirantes, e se formula proposta de nomeamento.

Considerando o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un período de audiencia de dez (10) días hábiles, contados dende a notificación da presente, para que as persoas interesadas poidan acceder ao contido do recurso e formular as alegacións que estimen procedentes en relación ao mesmo.

Segundo. Notificar a presente resolución a todas as persoas admitidas definitivamente no concurso convocado, expte. 19/2023-SPL-EST, 2023/E001/000009, coa indicación de que non pon fin á vía administrativa, e incluír como documentación anexa o recurso de alzada presentado.

Terceiro. Facer pública a presente resolución no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no da Casa do Concello.»

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca